
UNHA FESTA SORPRESA

Texto e ilustracións de PAT HUTCHINS

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 25,5 x 20,3 cm. 32 páx. 14 €.

Unha festa sorpresa (galego)

ISBN 978-84-8464-959-5. Tras os montes.

Una fiesta sorpresa (castelán)

ISBN 978-84-8464-958-8. Libros para soñar.

Una festa sorpresa (catalán)

ISBN 978-84-8464-960-1. Llibres per a somniar.

Ustekabeko festa (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-882-4. Kalandraka-Pamiela.

- *Mañá vou facer unha festa —murmurou Coello—.*

É unha sorpresa.

- *Mañá Coello vai plantar unha xesta —murmurou Bufo—.*

É unha sorpresa...

“Unha festa sorpresa” é un relato acumulativo e encadeado que, partindo dun personaxe inicial, vai sumando correlativamente outros actores ata un punto no que a orde se invirte e retorna ao principio da historia, para acabar reunindo a todos á vez.

Dende o Coello á Ra, pasando polo Bufo, o Esquíu, o Parrulo, o Rato e o Raposo, este álbum para pre-lectores e primeiros lectores —que recorda o *xogo do ruxe-ruxe* ou do *teléfono avariado*— destaca polo seu sentido do humor e a espontaneidade coa que se aborda a interrelación entre os individuos dunha comunidade.

Así, unha confidencia acaba converténdose nun secreto a voces e dando lugar a unha serie de rocambolescos equívocos que teñen un final feliz.

Ao igual que en “Boas noites, bufo!”, “O paseo de Rosalía” e “Onde está o poliño de Rosalía?”, Pat Hutchins aposta por outra historia protagonizada por fauna e que transcorre na natureza. Sobre un fondo neutro, resalta o colorido e o detallismo na representación da vexetación e dos trazos dos animais, cuxa expresividade acentúa o fallido xililo das súas accións e a sorpresa colectiva ao final do relato.



■ **Temática:** interrelación entre os habitantes dun bosque.

■ **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** da mesma autora de “Boas noites, bufo!”, “O paseo de Rosalía” e “Onde está o poliño de Rosalía?” (KALANDRAKA); animais, natureza; cores; humor; estrutura acumulativa e encadeada; xogo do rumor ou do teléfono avariado.

Pat Hutchins

(Inglaterra, 1942)

A sexta de sete irmáns, Pat Hutchins medrou rodeada de campo e de natureza, unha circunstancia que se reflicte na súa obra. Dende moi nova soubo que quería ser artista, ao que a animou unha parella de anciáns que premiaba cada debuxo seu cunha barra de chocolate. Estudou nunha escola local de arte durante tres anos antes de ampliar a súa formación na Academia de Arte de Leeds, onde se especializou en ilustración. Ao principio, a súa obra limitouse ao circuíto comercial artístico de Londres pero, despois de casar, viviu unha tempada en Nova York, onde lle amosou a súa obra -con moito éxito- a varios editores. “O paseo de Rosalía” foi o seu primeiro álbum infantil, Libro Destacado en 1968 pola Asociación de Bibliotecarios de América. Dende entón escribiu varias novelas e creou numerosos libros ilustrados. Foi galardoada en 1974 coa prestixiosa Medalla Kate Greenaway.



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
